


A lagoa da serpe

Na Lagoa da Serpe, na serra de Pena Trevinca, diciase que antigamente había unha serpe moi grade temida por todos.

Segundo di a lenda, nas noites de lúa chea, esta serpe convertíase nunha fermosa muller e que cando un mozo lle acertase cun salivazo na boca, esta habíase converter nunha fermosa muller e casaría co mozo.

Unha noite de lúa chea, un mozo dunha aldea próxima á lagoa, foi ver a serpe e topouse coa fermosa muller. Entón esperou ata que abriu o día e, cando se converteu de novo en serpe, cuspiulle na boca. Nese intre volveu aparecer a fermosa moza que el vira pola noite e casaron os dous.

A Lagoa da Serpe está na Pena Trevinca. A lenda di que toda persoa que beba da súa auga morrerá e que se te metes nela, sómete para dentro. Xa houbo un caso dunha persoa que foi sumida para dentro, pero non se sabe de xente que morrese por beber a auga porque ninguén se atreve a facelo.



VÁZQUEZ-MONXARDÍN FERNÁNDEZ, Afonso. 1994. 102 lendas en noticias lendarias, en *Boletín Auriense*, XXIV, Ourense.

